

ATLANTICA



11-20 MARZO 2020

SANDRA ARAGUAS (Huesca), ALINE CÂNDIA E CHICÓ DO CÉU (Brasil), NOELIA CARIOCA (Salamanca), JOSÉ LUIS GUTIÉRREZ "GUTI" (Zamora), RUBÉN MARTÍNEZ (Venezuela), SOFIA MAUL (Madeira), FERNANDO SALDAÑA (Salamanca), CAROLINA RUEDA (Colombia)

OLGA ABAD, DANI BLANCO, QUICO CADAVAL, CRIS DE CALDAS, PABLO DÍAZ, MARCELO DOBODE, SOLEDAD FELLOZA, CELSO F. SANMARTÍN, GHALEB JABER, LIDIA LUNA, RAMIRO NEIRA, CHARO PITA, MARÍA DA PONTRAGHA, LUIS PREGO, SANTI PREGO, RAQUEL QUEIZÁS, ANTONIO REIGOSA, GRUPO CONTADORES DA ALMÁCIGA, BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA coa dirección de CASIANO MOURIÑO

**SANTIAGO DE COMPOSTELA | FERROL | PAZOS DE BORBÉN
LALÍN | TEO | BERTAMIRÁNS | A CORUÑA | OURENSE | VIGO**



FERROL



dospasos



dinahosting^A



festivalatlantica.gal



ÍNDICE

Prólogo	3
Que é Atlántica?	4
Os artistas	5
Sandra Araguas (Huesca)	6
Fernando Saldaña (Salamanca)	8
Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil)	10
Carolina Rueda (Colombia)	12
Noelia Carioca (Salamanca)	13
José Luis Gutiérrez "Guti" (Zamora)	14
Ghaleb Jaber (Palestina-Galicia)	15
Sofía Maul (Madeira, Portugal)	16
Rubén Martínez (Venezuela)	17
Pablo Díaz (Galicia)	18
Marcelo Dobode (Galicia)	19
Santi Prego (Galicia)	19
Luís Prego (Galicia)	20
Celso F. Sanmartín(Galicia)	21
Quico Cadaval (Galicia)	22
Soledad Felloza (Uruguai, Galicia)	23
Grupo Contadores da Almaciga (Galicia)	24
María da Pontragha (Galicia)	25
Olga Abad (Galicia)	26
Raquel Queizás (Galicia)	26
Antonio Reigosa (Galicia)	27
Ramiro Neira (Galicia)	28
Charo Pita (Galicia)	29
Casiano Mouriño Maqueira (Galicia)	30
Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela	31
O programa	32
Quentando motores para Atlántica	36
O equipo	38
Contacto	39

A voz xorde no momento mesmo en que o aire dos nosos pulmóns fai tremer as cordas vocais. Dun único soprido nace o instrumento principal daqueles que contamos historias orais.

Esa voz non emana igual se o noso aire nace alto ou baixo, frouxo ou rexo.

No aire fican despois a vivir as nosas palabras, e, de seren certas, non haberá vento que as mova. Se son lixeiras tornaranse en brisa; se tristes ou alegres, seguirán un vieiro ou outro.

Pero viaxarán.

Desde sempre sabemos que quen navega precisa de ventos diversos para recalar a porto.

E desde Plinio O Vello temos un instrumento que nos axuda a discernir eses ventos para navegarmos con bo rumbo.

É por iso que este ano Atlántica se adobía cunha Rosa dos Ventos.

De cada un dos seus vórtices (remuíños) chegaranos un sopro cargado de historias.

Os cerzos limpos e altos dos Pirineos cruzaranse cos ventos cálidos e húmidos do Brasil ou de Venezuela; os de Colombia sabrosóns, cos ávregos de Salamanca e Zamora; os tormentosos e salgados de Galicia, cos secos lebeches de Palestina...

Sabemos que hai ventos de feiticeiras e demos, ventos de tolos, que provocan mal humor ou pesadez nas pernas; ventos para namorar e ata para empreñar...

Nesta edición @s Atlántic@s tod@s pedimos a Eolo forza para soprar con bo rumbo.

Como diría Manuel Antonio:

“Encheremos as velas
coa luz náufraga da madrugada”
E coa “Rosa dos Ventos do noso corazón”
Encadearemos adeuses de espuma
para tódalas praias perdidas
...Xuntaremos cadernos en branco
da novela errante do vento
...Pescaremos na rede dos atlas
ronseis de Simbad

...E cazaremos a vela
sobre o torso rebelde das tormentas
para trincar a escota dunha ilusión”.

QUE É ATLÁNTICA?

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlanticista.

Trátase dun encontro artístico que xunta en Galicia a un amplo elenco de narradores e narradoras de diferentes países do mundo con ribeiras no Océano Atlántico, máis un convidado “doutro” mar. Nestes anos aos artistas do Atlántico, sumáronse contadores de Alemaña, Cuba, Colombia, Perú, Xapón...

Atlántica está organizado por un grupo de profesionais do espectáculo e da xestión cultural dirixidos pola actriz e narradora Soledad Felloza. É unha iniciativa con aportes de entidades públicas e privadas, que procura unha programación cultural integradora e de máxima calidade.

Nesta oitava edición contamos cunha fermosa rosa dos ventos en conmemoración dos 500 anos da primeira volta ao mundo. E, como cada ano, chamamos por ventos favorables para que, coa emoción dos descubridores, conquistemos corazóns a través das historias deste ano.

Por sorte, contamos coa pericia de contadores e contadoras de historias dunha beira e outra do Atlántico que van chegar aos nosos peiraos para encher de historias do 11 ao 20 de marzo todas as provincias galegas. Contadores e contadoras de historias de Portugal, Brasil, Colombia, Siria, Uruguai, Huesca, Salamanca, Zamora e Galicia...

Tamén contamos coa colaboración de entidades públicas e privadas que coas súas achegas fan posible que o Festival Atlántica sexa unha realidade. Trátase da Deputación da Coruña, dos concellos de Ferrol, Santiago de Compostela, Lalín, Pazos de Borbén e Teo, da Xunta de Galicia, de Dinahosting, do Hotel la Salle, de Dos Pasos, de Galantiqua e da Librería Couceiro. A todos eles, grazas.

E para rematar, temos a complicitade dun público fiel e sedento de historias. Como sempre, sodes todos benvidos.

Obxectivos do Festival

- Difundir e preservar a tradición oral galega e de todas as culturas do arco Atlántico, de aí o seu carácter internacional.
- Indagar nas raíces colectivas das historias do Océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar.
- Celebrar a madurez e calidade do movemento da Narración Oral Galega, referente a nivel internacional pola súa identidade de longa tradición.
- Dar visibilidade as novas voces da Narración Oral Galega, depositarias das voces antigas e garantes da preservación da memoria e tradición oral.
- Vencellar o pasado co presente e o futuro que representan os nenos e nenas, vinculeiros do patrimonio inmaterial único que representan os contos.

OS ARTISTAS





Nacín un 5 de xaneiro de 1977 mentres tódalas nenas e nenos agardaban a chegada dos Reis Magos. O primeiro día da miña vida viñeron verme e regaláronme un axóuxere e un chisco da maxia das palabras, porque eles xa sabían que ía ser contista.

Aínda que de pequena era moi vergoñenta, co paso do tempo as avoas e avós ensináronme a contar contos e estes remataron por apoderarse de min, facendo que desaparecera a vergoña. Gústame os chocolate, ler moito, rir, procurar bechos e comer coas miñas amigas e amigos.

A palabra rodea o meu traballo, sexa dita ou escrita. Desde contos tradicionais a contos de autor, escoitados nunha cociña de calquera aldea ou pronunciados nunha sesión de contos. A difusión da tradición oral, o meu obxectivo. A oralidade é a miña esencia, a palabra o meu medio de expresión.

Araguas licenciouse en Humanidades, especialidade en Lingua e cultura española. É contista profesional, escritora, editora, investigadora de tradición oral e guide intérprete nacional francesa. Conta en bibliotecas, escolas, institutos, campañas de animación á lectura, obradoiros de oralidade, feiras do libro, semanas culturais, festivais e actos variados difundindo a tradición oral aragonesa. Conteí en La casa de los títeres de Abizanda, Festival Pirineos Sur, Huesca es un cuento, Festival Langarte, Güestival de Larrés, Programa Provincia Inquiera de Cáceres... e sobre todo en vilas, nas súas rúas, preto da xente.

Entre as súas publicacións figuran *La sombra del olvido*, *Amina quiere ser bruja*, *Mi madre es una bruja*, *La campana de Huesca*, *La mano verde*, *Rabadancito*, *Titiritera*, *Olvido Sinsentido*, *Toño Cazaimposibles*, *Lágrimas en los tejados*, *La pirata*. *El granjejeo*, *Por encima de rama e hoja*, *Lanuzza sobre las aguas*, *Aitana e la abuela* (Premio al mejor libro del Altoaragón por la asociación de librerías de Huesca), *Amina quiere ser bruja*.

CONTOS DE IMPORTACIÓN | público familiar | 60 min

Contos de importación foi un proxecto que se desenvolveu no marco do Festival da oralidade Huesca es un cuento, no 2012. Nese momento comezou o traballo que durante un ano desenvolveu Sandra Araguás, recollendo contos e textos de tradición oral entre os inmigrantes que vivían en Huesca. A idea nacía buscando os contos como nexos entre as diferentes culturas que vivían na mesma cidade. O proxecto pretendía salientar a riqueza e os valores que nos aportaban todos aqueles que chegaban doutros países. Nel participaron máis de corenta persoas de 23 nacionalidades diferentes estando representados os continentes de África, Asia, América e Europa.

Todo este traballo queda recollido nunha sesión de contos con sabor a África, co frío de Rusia, cos sons de América ou cos costos tradicionais europeos. Coñecendo os seus contos, todos nos coñecemos mellor e vemos que no fondo non somos tan distintos como imaxinamos.

CONTOS SORPRENDENTES | Público familiar | 60 min

Que pasaría se un día comezaran a saírche pelos por toda a cara? Ou se de repente quedaras completamente calvo? Que pasaría se as cores comeran animais? Ou se o que ten moita fame fora un crocodilo? Ou se houbera contos que nunca acabaran?

Atrévete a escoitar estes contos xocosos e descubrirás unha chea de historias divertidísimas que te farán rir sen parar. Se te atreves notarás que che comeza a picar a cara e a continuación veraste convertido nun cromañón, irás vixiando ao teu arredor pola rúa á procura e captura do crocodilo lambón ou comprobarás que a túa cabeza comeza a dar voltas para saber quen está detrás da túa cor preferida.

Contos con humor, contos divertidos, contos para rir e pasar entretidos un anaco.

CONTOS TRADICIONAIS DOS PIRINEOS

A vida dos nosos días, o acceso á literatura impresa e o afastamento das persoas maiores fai que os nosos nenos e nenas non coñezan a literatura tradicional que antigamente podía ser escoitada nas cociñas das nosas aldeas. A tradición oral baixa a súa voz e os contos tradicionais xa non poden ser escoitados. Pero dentro das nosas casas, dende hai séculos, conservouse a memoria do pobo, a pequena historia, recollida en numerosos contos. Os avós atesouraban neles mesmos a creación das nosas montañas, como é a xente do Pirineo, os amores escondidos nestas vilas ou esas bruxas que polas noites os visitaban.

Con Contos tradicionais dos Pirineos algúns destes contos, case mudos, regresan para ser escoitados, gustando e entretendo como sempre a todo aquel que se deixe engaiolar polo “había unha vez...”

SOBREVOANDO AS CHEMINEAS (CONTOS DE BRUXAS) Público familiar | 60 min

A tradición oral garda na súa memoria numerosos contos que nos falan dunhas mulleres misteriosas. Vestidas de negro, representadas como gatos ou montadas nas súas vasoiras, as bruxas percorrían o noso ceo na procura de infelices aos que dar o mal.

Nestes contacontos poderanse escoitar contos tradicionais altoaragoneses relacionados coas bruxas que non habitaban moi lonxe de aquí. Contos que se escoitaban polas noites nas nosas cociñas ata non hai demasiado tempo, cando as bruxas eran as raíñas das noites e os homes e mulleres das nosas vilas non se atrevían a desgustalas.

Pero as bruxas non só habitaban no Pirineo, por iso poderán escoitarse contos chegados doutros países, como por exemplo Rusia, onde a pesar da distancia tamén estaban presentes nos contos ao anoitecer.

TECIDO CON PALABRAS | Público adulto

Cada conto técese igual que un xersei. As agullas enlazan os fíos da lá, súbenos, báixanos, xíranos e anóanos igual que as palabras se moven e colocan no lugar exacto para atopar ese instante, preciso para cada unha delas, que fai que te atrapen, que te abriguen.

TODO TIPO DE AMOR | Público xuvenil e adulto | 60 min

Os contos, actualmente, parece que só sexan territorio de nenos. E se pensamos en contacontos, desde logo non cabe dúbida. Non se sabe de onde vén esta predisposición a que os contos só sexan escoitados por nenos, quedando os mozos e adultos como meros lectores ou contadores de contos, cando tradicionalmente os contos eran escoitados por toda a familia. Os contos non teñen idade, pero quizais si a temática.

Todo tipo de amor fai un percorrido polos diferentes tipos de amor que podemos atopar: maternal, irónico ou infinito... en diferentes estados. Este espectáculo leva ao público contos de agora e de sempre, contos con cinismo, contos con desexo, contos que tocarán a fibra sensible de todos aqueles que se atrevan a escoitar estes contos de amor.



Fernando Saldaña é, ante todo e, sobre todo, contacontos. Tamén é mago, actor, director de teatro, ilustrador e humorista gráfico. Saldaña ten traballado na radio e en televisións locais, foi deseñador gráfico, locutor, profesor de circo e de programas informáticos... Pero o que máis lle gusta é contar historias. A todos. Para todas as idades: desde os bebés, ata os que hai tempo que chegaron aos cen.

Nos seus cofres, baúes e maletas ten contos gardados para todos e cada un. Saldaña asenta a narración nos obxectos cotiáns, nos xogos de maxia, en bonecos e monicreques, no seu corpo e na súa voz, para que vivas cada unha das súas palabras, como el as goza cando sobe a un escenario, ou se coloca diante do seu público nunha escola, biblioteca, xardín ou praza.

O TREN | Nenos de 9 meses a 3 anos | 35 min

Un boneco está durmido. Tocou o despertador, pero non se quere erguer. Bo é que Bruxa, a súa gata, lle axuda a espreguizarse. Lávase, monta no ascensor e marcha para traballar. De camiño atopa formigas que corren e xogan. Cando está na oficina, chove a cachón. Chove tanto que saen a ras e vense peixes. Finalmente volve para a casa. Está canso e déitase mentres Bruxa pasea pola rúa.

ROBINSÓN E O SEU LORO | Nenos de 3 a 5 anos | 60 min

Un mariñeiro enfróntase a unha terrible tormenta que o fai afundirse. Chega a unha illa na que atopa un loro que o axudará a volver á casa. Espectáculo de contos con descontextualización de obxectos e algún xogo de maxia baseado en El loro de Robinson de Antonio A. Gómez.

O GATO CON BOTAS | Nenos de 6 a 8 anos | 60 min

O conto clásico narrado desde a perspectiva dun avó que porfía por que o seu neto o pase ben escoitando historias. Espectáculo de contos con descontextualización de obxectos e algún xogo de maxia.

A PANTASMA JAVIER | Nenos de 8 a 10 anos | 60 min

Na escola métense con Natalia porque é especialmente miudiña, ata que decide vingarse. Nada vai saír como tiña trazado, unha pantasma, a pantasma Javier, atrávesase no seu camiño. Contos nos que, con axuda da maxia, acaecen as cousas extraordinarias que se van narrando.

A CASA INCENDIADA | Nenos de 10 a 12 anos | 60 min

Chámome Fernando e son detective privado. A violencia fíxose dono dunha vila pequena. Chamáronme para que adiviñe as razóns e, se poder, atopar unha solución ao problema. O que descoñezo é que estou a piques de entrar nun pesadelo, un mundo cargado de situacións aterradoras. Vou saber o que é o medo. E, se escoitas esta historia, ti, tamén.

Por veces, cando contaba contos “de medo” para maiores de 10 anos, notaba a decepción nas súas faces: “esta historia non mete medo”, parecían dicirme. Por iso escribín e levei a escena A casa incendiada, un espectáculo moi pensado para esas idades, na que as nenas e os nenos pasan auténtico medo. Un medo controlado, do que lles gusta. Un medo sen desculpas nin estafas enganos.

O PEIXE DE OURO | Público familiar | 60 min

Baseado no conto clásico, narra a historia de avaricia dunha familia que, tras recibir un desexo por parte dun peixe, quere máis e máis e máis.

ODIO A POESÍA | 12 a 14 anos | 55 min

Un traballo de clase sobre a poesía... Por grupos... Falta de ideas... Unha casa rural... Unha equivocación... E nace unha historia na que, a través da poesía, se denuncia o que non nos gusta neste mundo, o que (segundo di un deles) nos fai ver que vivimos nun mundo de merda. Un espectáculo moi dinámico, divertido, comprometido. Un espectáculo de Fernando Saldaña con textos de León Felipe, do romancero español, Quevedo, Gabriel e Galán.

A CELESTINA | Rapaces de máis de 12 anos | 55 min

Algunha vez atravesouseche un libro? Recoñezo que eu non puideron con “La Celestina”. Sempre me pareceu un tostón, unha lectura insufrible... Ata que dei coa maneira de me enfrontar a ese texto: abondaba con sacar de data os protagonistas, con traelos ao meu século. Daquela pasou a ser unha obra divertida, chea de sorpresas e contradicións...


O NUNCA CONTADO | Público adulto | 60 min

As versións máis antigas e crueis dos contos infantís. Cincenta matou a súa madrasta. O príncipe deitou-se coa Bela Dormente pensando que estaba morta, Carapuchiña foi violada polo lobo, Pinocho matou dunha mazada a Pepiño Grilo. Contos descarnados, distintos, fillos dunha época e doutro xeito de pensar.

DE ONTE A HOXE | Público adulto | 60 min

Empecei a cobrar por contar contos a mediados dos 80. No 93 decidín profesionalizarme e converter o conto no motor da miña economía, aínda que compaxinaba a miña tarefa de narrador coa de actor de teatro. A comezos dos 2000 o conto era a base do meu soldo.

Ao longo destes anos levo producido moitos espectáculos, teño narrado historias moi diferentes. “De onte a hoxe” é unha mostra das palabras que me acompañaron nestes máis de 30 anos. É o mellorciño de moitas das narracións que subín (e subo) aos escenarios.





Aline Cântia

Contadora de historias. Graduouse en Xornalismo e cursou un mestrado en Estudos Literarios na Universidade Federal de Minas Gerais. Actualmente realiza un doutorado en Educación Popular e Prácticas do Cotiá (UFF-RJ). Todas as súas investigacións xiran arredor da narrativa e da oralidade. Desde 2007 integra o Grupo Abrapalavra, que durante todo este tempo formou parte da súa formación como artista. Impartiu obradoiros e seminarios en importantes festivais e institucións culturais, sociais e educativas de Brasil, Cuba, Arxentina, Chile, Venezuela, Paraguai, Tunisia e Cabo Verde. Posúe cinco discos de narracións e música: *Contos de lá nos Cantos de cá* (2015), *Memórias do Pompéu* (2014), *Vozes da Mata* (2016), *Lili canta o mundo* (2017/com Irene Bertachini e Cristiano Gouveia) e *Coletivo Narradores* (2018).

Chicó do Céu

Músico e compositor. Recoñecido polas súas poesías imaxinarias e polos particulares arreglos vocais e harmónicos que as acompañan, Chicó é un dos coordinadores e directores artísticos de Abrapalavra, con quen percorreu importantes espazos e festivais nacionais e internacionais. No ano 2016 lanza o seu primeiro disco, con cancións propias e coa participación de destacados músicos de Minas Gerais. Encargouse da dirección musical de tres discos de narración e música, nos que tamén participa como músico: *Contos de Lá nos Cantos* (2015), *Memórias do Pompéu* (2014), *Vozes da Mata* (2016).

Instituto Cultural Abrapalavra

Arte, educación e memoria social son os eixos fundamentais dos proxectos realizados polo Instituto Cultural Abrapalavra, fundado en 2011 polos artistas e investigadores Aline Cântia e Chicó do Céu. O Instituto traballa na produción de traballos autorais que dialogan con recollidas de tradición oral, estudos independentes, creación de grupos de narradores de historias e actividades de formación artístico-cultural. Co obxectivo de descentralizar e democratizar o traballo artístico, o Instituto adoita realizar accións nacionais e locais, de carácter continuo ou permanente. Todas estas accións, actividades e presentacións contan cun rexistro sonoro e audiovisual.

O seo do Instituto acolle o Grupo Abrapalavra co obxectivo de traballar sobre narrativas que pasean polo imaxinario colectivo da cultura popular de diversas partes do mundo. No grupo Abrapalavra as pintorescas historias de tradición oral, a música e as artes escénicas atópanse para envolver ao público en narrativas que viaxan polas diversidades culturais de varios pobos. A narradora Aline Cântia utiliza o seu poder de interpretación para sensibilizar ao público e evocar nel imaxes de historias, acompañada polo músico e compositor Chicó do Céu.

Aline e Chicó traballan dende hai dez anos en investigacións, proxectos e camiños compartidos. En 2011 fundaron o Instituto Cultural Abrapalavra, que xa gañou quince premios por diferentes traballos ligados á tradición. Do seu encontro xurdiron outros: encontros de voces, tambores, lendas, cirandas e rondas de historias. Camiñaron polo mundo coñecendo culturas populares; tamén a musicalidade do son das palabras cantadas e faladas de varios países de América Latina, África, Europa e, sobre todo, dos habitantes do interior de Brasil. O dúo define o seu propósito nunha frase: "Contar, cantar e escoitar

historias foi o camiño que escollemos para un profundo e pracenteiro intercambio de experiencias, saberes e feitos”.

CONTOS DE LÁ NOS CANTOS DE CÁ | 60 min

Toda esta historia acontece baixo unha inmensa árbore baixo a cal un avó de Minas Gerais se detén para descansar. Alí, sentado nun tronco, comeza a contar contos: o da árbore xenerosa ou o dun par de zapatos namorados. Narra contos que viñeron de lonxe, contados por camiñantes que chegaban alí traendo historias do mundo: dunha princesa medoñenta, dun neno que danzaba coas abellas ou dunha árbore de froita amarela, da orixe das estrelas ou o caso de amor entre Godofredo e Estela. Contos que invitan ao espectador a silenciar os ruídos externos e entrar no tempo do érase unha vez...

GINGA E POESÍA: HISTORIAS DE CAPOEIRA | 50 min

Esta presentación conta historias da cultura afro-brasileira por medio de contos e cantos de capoeira. No repertorio están os contos autorais da lenda do Bririmbau e da chegada do Mestre Pastinha do Céu, ademais do libro José Moçambique e a Copoeira (de Joaquim de Almeida, Laurabeatriz e Thereza Almeida Editora - Companhia das Letrinhas), O herói de Damiao (Isa Lotito. Ed. Girafinha), entre outros poemas e pequenas historias de mestres, mestras, hongueiros e foliões.

ODA Á ESPERANZA | 50 min

“Non hai maior agonía que ter unha historia non contada dentro de ti” (Maya Angelou)

Este espectáculo é o resultado dun traballo de investigación realizado polo grupo Abrapalavra a partir de experiencias, contos orais, relatos, cancións, crenzas, linguaxes e modos de vida que achegan o universo simbólico e as representacións populares construídas en torno á esperanza. Ofrecemos estas historias para que poidamos, entre todos, lembrar como de sabia, mística, lírica e valente pode ela ser. Tecendo os fíos da ancestralidade e da literatura contemporánea, o espectáculo forma un cordón imaxinario de narrativas que nos falan dos horizontes que se enxergan e nos convidan a camiñar.

NOTAS BREVES DUNHA SAUDADE | 50 min

Reunir contos, poemas e cancións de países falantes da lingua portuguesa é pensar o portugués como unha lingua de tradición, un almacén de memorias afectivas, daquilo que nos une pola literatura, polas narrativas, polas artes, polos oficios. O que nos reúne neste proxecto é un “ben querer” á literatura portuguesa, esta que para nós é lingua materna pero tamén a quinta lingua do mundo en número de falantes, sendo a lingua nacional ou oficial en sete países espallados por catro continentes – Portugal, Brasil, Angola, Mozambique, São Tomé e Príncipe, Guinea-Bissau, Cabo Verde e Timor Leste. Podemos aínda contar con Macau, onde é lingua oficial ata 2049.

O espectáculo literario-musical Breves notas dunha saudade procura na literatura destes países as diversas maneiras de dicir, cantar e aclamar a saudade, palabra única e talvez por iso tan intraducible: son saudades de cousas que aínda non aconteceron, dun cheiro, dunha sensación, dun gusto, é un estado, un frío na barriga, un riso, unha memoria, unha canción. A partir dunha pesquisa bibliográfica, sonora e de testemuñas recollidas en diferentes lugares, a narradora Aline Cântia e o músico Chicó do Céu convidan ao público a silenciar os ruídos externos para observar os camiños e a historia do substantivo máis xenuíno que temos.



Son de natureza viaxeira. A viaxe coas súas esixencias, os seus coidados, os seus perigos e os seus achados. Desde hai 30 anos traballo na narración oral promovendo basicamente dous aspectos: o seu aspecto artístico e de localización nacional e internacional; e o seu carácter de instrumento de xestión e ferramenta en ámbitos educativos, políticos, empresariais e tamén artísticos. Gradueime en Literatura e tal vez por iso a procura constante por contar o que leo. Como artista caracterízome por realizar adaptacións, obras derivadas e versións libres de autores da literatura universal e versións de relatos de tradición oral do mundo. Os meus obradoiros de formación en narración oral foron adaptados para diversos fins, tanto públicos como privados, así como o meu traballo de dirección, predirección, produción e proxección de espectáculos e eventos.

En calidade de xestora e programadora coordinei desde 1990 ata 2012 a mostra de cuenteros (nacional e internacional) do Festival Iberoamericano de Teatro de Bogotá, que logrou nas súas dez primeiras versións posicionarse como un dos máis grandes do mundo. Tamén participei como profesora convidada e profesora regular en programas de adquisición do idioma español como segunda lingua e en programas de literatura, educación a distancia e artes escénicas en universidades como Cornell ou Miami, nos Estados Unidos, ou en centros de profesores e universidades en España, Perú e Chile como os Andes, Javeriana e Universidad Nacional, en Colombia.

Ao longo da miña carreira profesional realicei máis de 2000 funcións para todo tipo de públicos.

O XOGO DAS SOMBRAS | Público adulto

É un espectáculo de narración oral construído sobre piares de historias que pecan de íntimas e á vez de compartidas. Historias de humores, dragóns, amantes e misterios. Este espectáculo percorre palabras e silencio, encrecha as peles, é un traballo en construción, coma o desexo, como a ciencia, como calquera camiño. Os autores danme motivos de conversación, cóntanme historias por percorrer. Son compañeiros de camiño Gustavo Roldan e María Teresa Andruetto, de Arxentina; Oscar Godoy, Héctor Abad Faccioline e Santiago Mutis de Colombia. Converso cos seus personaxes, convidoos, falo deles, ás veces cóntoos, as veces refiroos, eles son os debuxantes deste xogo de cataclismos.

“...porque a túa voz ten o mesmo sopro, o mesmo son que vén de dentro con forza e sentimento. Ela ampárame, faime sentir seguro, protexido”. Eric Chartiot, contista-mago francés afincado en Brasil

“...fíxome sentir o océano, o canto dos paxaros, a tenrura dos amantes”. Público de Atrápalo, Barcelona

“Unha viaxe entre dous mundos: do épico universo dos dragóns da miña infancia ao penumbroso e fascinante territorio dos meus dragóns de hoxe...” Ángela Echeverry, Comunicaciones Especiales, Parques Nacionales Naturales de Colombia

<http://carocuenta.blogspot.com/>



Carioca conta contos pola mesma razón pola que o ceo échese de nubes por día e pola noite papa estrelas. Se os contos non existiran, pasaría a vida facendo burbullas de xabón recollendo graos de area perdidos nas rúas e deixando bicos para que alguén os atope e os agasalle.

Carioca é amiga das palabras, e elas cóntanlle segredos. Pero os segredos non nacen para vivir agochados, así que ela xuntou montañas de historias, fíxose traxes de mil cores, e ven a contarnos baixiño. Baixiño porque cando alguén berra, a señora Lúa sofre dor de cabeza.

Os contos de carioca son para nenos e nenas de todas as idades. Nenos e nenas de corpo, e tamén de corazón.

“Estudei pedagogía, e andei por aí exercendo a miña carreira. Descubrín o poder da palabra, as caras dos nenos iluminadas por un sorriso e mudei de oficio: hoxe son cociñeira de historias e aderézoas con ilusión e alegría.

Levo os meus contos a colexios, bibliotecas, prazas e garderías. Viaxo moito, con maletas cargadas de obxectos que se transforman no máis insospeitado, con cancións e ladaíñas populares, con camisetas de cores que eu mesma deseño.”

CONTOS E PAPAVENTOS | Público familiar | 50 min

É un espectáculo de contos con apoio de bonecos, obxectos e instrumentos musicais que desfilarán ante un animalario para voarmos alto, alto coa imaxinación coma as cometas. Un universo de animais, poetas, de palabras bulideiras de poesía visual e de ritmos para xogar. Un espectáculo para rir, soñar e divertirse cheo de sorpresas.

ANIMALADAS | Nenos de 3 a 5 anos | 50 min

É un espectáculo de contos con apoio de bonecos e obxectos. Un dado con caras de animais e un espello máxico para descubrir historias emocionantes. Un neno que non pode durmir e conta ovellas coas que vivirá grandes aventuras. Un porquiño que quere ser outra cousa e imita a outros animais. Unha ratiña que prepara un disfraz especial. E moitas cousas máis que descubrirás.

CONTOS DE ONTE E DE HOXE | Nenos de 1º e 2º de primaria | 50 min

Narración con apoio de obxectos e instrumentos musicais. Tres historias populares: "Las habas mágicas" (As fabas máxicas), "El pollo Pelao" (O polo Pelao) e "Tío Lobo" (Tío Lobo) unidas cun fío condutor fresco e divertido. No primeiro conto, Julián (Xían) é un neno pobre que descubrirá unhas fabas máxicas que se convierten nunha planta que o conducirá a un castelo. Alí enfrontarase ao xigante Patadón vivindo moitas aventuras. A continuación, o polo Pelao atopa un saquiño cheo de moedas de ouro que lle levará ao rei e polo camiño, superará situacións divertidas. Para rematar, Carmela é unha nena larpeira e mentreira que levará un susto de morte. Un espectáculo de contos para rir, con un toque de misterio e algún que outro susto.

SEN VIR A CONTO | Nenos de 3º e 4º de primaria

Un espectáculo de contos teatralizados e con máscaras. Un verán os meus pais leváronme de vacacións á casa de campo que tiñan os meus avós nunha aldea. Lembro que unha tarde a miña avoa colleume da man e levoume a unha habitación moi estraña: era o faiado. Alí atopei un baúl de madeira cheo de increíbles historias.

A VOLTA AO MUNDO EN 80 DÍAS | Nenos de 5º e 6º de primaria

Espectáculo participativo de contos teatralizados. Daremos a volta ao mundo en oitenta días cos protagonistas da novela de Julio Verne. Viaxaremos en tren, en barco e mesmo montaremos nun elefante. Coñeceremos lugares como a India, Londres ou San Francisco. Pero o mellor de todo é que teremos peripecias divertidas, misteriosas e perigosas.

www.cariocacuentos.blogspot.com



'Guti' é gaiteiro, cantador, bailador e sobre todo contador de historias. O feito de chegar ao conto como parte dun traballo máis amplo dedicado desde hai moitos anos á etnografía fíxolle preparar un espectáculo no cal procura cingirse ao que estritamente aprendeu en longas veladas de cociña e sobremesa nas vilas de Zamora, León e Salamanca, principalmente. Todos os contos e romances que usa foron recollidos directamente de narradores tradicionais, na súa maior parte anciáns do mundo rural cos que compartiu moitos bos intres. Así se procura conservar o carácter dialectal de cada narración así como a atmosfera que envolvía ao narrador tradicional, carente de artificios nun mundo sen tele nin radio. O conto téntase transmitir en toda a orixinalidade que o público e o espazo de narración permiten asumindo o salto que supón para a mesma narración o pasar dun fogar aceso ou dun portal dunha casa no verán nun pobo a un escenario e ante un público que en moitos casos perdeu o seu referente rural. 'Guti' traballou principalmente na contorna rural tentando dalgunha maneira de restablecer a cadea de comunicación-transmisión de cultura oral rota pola condena dos anciáns ao silencio nunha sociedade dominada polo que se repite desde o televisor.

Polo seu espectáculo *A pelo* recibiu no 2015 o Premio de Interpretación Masculina na XII Edición dos Premios Moretti de Teatro.

DAS MULLERES DO OESTE

'Guti' narra de memoria e pola memoria de dúcias de mulleres coas que compartiu os saberes e as historias. Neste espectáculo o romance e o conto tradicional van salpicándose da xeografía, da vida das cociñas, dos traballos do campo, das historias de vida de cada informante, de cada vella que entra e sae do escenario da man de Guti. Narrar así é un exercicio de agradecemento a quen regalou o testemuño dun mundo oral, un mundo aínda presente no imaxinario de quen tivo aldea, de quen se quentou ao lume cunha cunca de sopa nas mans, de quen sentiu como propias as palabras do ancián. Para quen escoita, 'Das mulleres do oeste' ha de ser unha volta ao tempo feliz en que a palabra do vello era necesaria".

<https://www.facebook.com/gutinarrador>



Ghaleb Jaber Ibrahim naceu en Ainabus-Nablus (Palestina) en 1950. Está casado con Requina Martínez Schnackig. Tiveron cinco fillos e seis netos, polo de agora.

Chegou a España en 1970, con dezasete anos, para cursar a carreira de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou e doutorou na especialidade de Cardioloxía. Case decontado espertou a súa vocación empresarial e realizou estudos de Mestrado en Dirección de Empresas. No ano 2003 doctorouse en Xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid e tamén en Ciencias Políticas. É asesor da representación do goberno Palestino en España.

Desde 1984 preside o Grupo Araguaney, formado por empresas dos máis diversos ámbitos. Destacan as adicadas ao sector audiovisual, como a produtora CTV S.A. (www.ctv.gal), primeira empresa española en servizos audiovisuais e produción de contidos, e Soundub (www.abaira.es), primeira empresa en servizos de sonorización e dobraxe para a industria do entretemento. Tamén as do eido da hostaleira e restauración como o Hotel Eurostars Araguaney (www.araguaney.com) e os restaurantes Araguaney e Caney (www.restaurantecaney.com).

O Grupo conta tamén con empresas vinculadas á construción en Venezuela, ao sector turístico en Xordania, e ten intereses no mundo da publicidade, a importación e a exportación. Conta cun cadro de persoal de máis de trescentos traballadores.

Ghaleb Jaber é, ademais, fundador e presidente de honra da Fundación Araguaney-Puente de Culturas (www.fundacionaraguaney.com) unha entidade privada sen ánimo de lucro que, desde 1984 e con carácter ininterrompido, se adica á promoción e ao intercambio sociocultural con latinoamérica e países árabes, especialmente co pobo palestino. Seminarios, conferencias, exposicións, formación, certames de pintura, publicacións, o Festival Internacional de Cine Euroárabe Amal (www.festivalamal.es) e o Premio Revbela de Comunicación (www.revbela.com) ou os Foros Revbela de debate, son algunhas das súas actividades máis recoñecidas. A Fundación Araguaney-Puente de Culturas é membro da Alianza Mundial para la Diversidad Cultural da UNESCO.

Polifacético, creativo, solidario, empático e gran conversador, considera a comunicación e, a través dela, a transmisión do coñecemento, como alicerces esenciais do proceso formativo persoal e colectivo. Por iso busca cubrir esta faceta a través da publicación de artigos xornalísticos e publicacións literarias como 'Palestina, crónica de una injusticia' ou 'Regalo de memoria'.

Para Ghaleb, "ignorante non é o que non sabe; ignorante é o que no quere saber".

REGALO DA MEMORIA | Público adulto

Neste espectáculo, Ghaleb Jaber comparte co público unha escolma de relatos da tradición oral que escoitou da boca da do seu avó Ibrahim.



O meu nome é Sofia Maul e son unha contadora de historias bilingüe que vive en Madeira. Nacín aquí, nesta fermosa illa, e tiveron a sorte de medrar oíndo as historias que os meus catro avós, todos de orixe diferente, me contaban (inglés, alemán, sueco e californiano).

Tiven unha infancia chea de andainas nas montañas e mergullos no mar, tenis e natación e observación de aves en abundancia. Pasei unha tempada na universidade de Coimbra estudando Letras (inglés e alemán) para ser tradutora e, deseguido, cambiei de rumbo para poder axudar as persoas (despois de dous anos como voluntaria na Cruz Vermella); trasladeime a Lisboa e fíxenme terapeuta da fala, traballando principalmente con cativos xordos e plurilingües.

En 2004, despois de asistir a una tarde de contos, comecei un ciclo de formación con actores e narradores de historias profesionais na Biblioteca Municipal de Oeiras, que, en 2006, deu como resultado a creación dunha asociación cultural sen ánimo de lucro: Os Contabandistas, un grupo de cinco narradores de historias todos de diferentes orixes moi activos na promoción da narración oral como forma de arte performativa contemporánea. Organizamos por primeira vez en 2012 o Terra Incógnita, Festival Internacional de contos de Lisboa, que vai pola súa cuarta edición e presenta narradores convidados nacionais e internacionais con máis de mil asistentes ao longo dunha fin de semana chea de historias.

En setembro de 2016 organizei coa asociación musical e cultural Xarabanda o primeiro festival de narración oral de Madeira, EVA, *Era uma vez no Atlântico*, integrado nunha rede de festivais de narración de ámbito atlántico que inclúen o Atlántica en Galicia o Terra Incógnita en Lisboa, o Conto Contigo na Praia na Terceira e Rencontres de l'Imaginaire na Bretaña.

Coordino desde marzo de 2015 unha xuntanza de cantigas tradicionais semanal onde todos son benvidos para cantarmos xuntos reforzando así o espírito de comunidade e memoria compartida que a lembranza colectiva e o intercambio de afectos proporciona.

Conto historias en bibliotecas, escolas, feiras de libros, castelos, bares, festivais, prazas, campos de golf, restaurantes, teatros, terrazas, aeroportos, grutas e praias por todo o país e mesmo fóra, en festivais internacionais de *storytelling* en Alemaña, Irlanda, Inglaterra, Italia, Bélxica, España e Polonia.

As miñas historias veñen de preto e de lonxe, pero as que gusto máis de compartir son as que veñen da pequena illa no medio do Atlántico, lugar a onde volvíñ despois de 20 anos de vivir fóra, para apertar familia e amigos, para contar e recoller historias e tamén para plantar dragos e fotografar moito.

CONTOS (DES)AMOROSOS

A explicación do amor é que amores hai moitos. Todos diferentes e todos cunha historia para contar.

O meu avó alemán namorou por carta en segredo á miña avoa durante catro anos, aforrando cartos en Madeira para poder vir con ela á Londres o día que ela cumpría 21 anos. Casaron catro días máis tarde. Foi esa avoa inglesa a que me contou historias de amor de todo o mundo incluíndo algunhas que escoitou nas conversas entre a cociñeira, a muller que pasaba o ferro e o poeta que regaba as plantas dos veciños.

<http://sofiamaul.wix.com/contadora>



Rubén Martínez é xornalista, músico, escritor, actor, contacontos e director do Festival de Narración Oral de Barcelona “Munt de Mots”. Atesoura trinta e cinco anos de profesión, cheos de creatividade, traballo e moita moita imaxinación.

Foi pioneiro da Narración oral en Venezuela, Chile e Catalunya. Formador de narradores e narradoras orais no Programa Atrapa la Paraula, do Consorci de Biblioteques de Barcelona dende o ano 2002. Impartiu obradoiros e conferencias na Universidad Autónoma de Barcelona, na universidade Jaume I e l’Institut del Teatre.

Foi actor no grupo ALTOSF. Foi coautor e actor na serie televisiva para nenos *Juana la Iguana* e titiriteiro no programa os Lunnis.

Presentou os seus espectáculos en Venezuela, Colombia, Exipto, Israel, Grecia, Arxentina, Chile, Francia, Alemaña e España. En Cataluña, no Teatre Romea e con Etcètera Teatro no Teatre Gran Liceu de Barcelona.

Como escritor posúe unha obra extensa de contos, teatro e poesía. Como xornalista colaborou nos xornais *El Tiempo* de Colombia, *El Mercurio* de Chile, *El Nacional* de Venezuela ou *Le Monde Diplomatic*, entre outros. Na súa faceta de músico ten varios discos onde é autor da música e letra. É tamén compositor e director da ópera breve para nenos *Campaña de Silencio* e da obra para adultos *Misa de Réquiem*.

Entre os galardóns que obtivo na súa Venezuela natal figuran o Premio Nacional de Narrativa Breve, o Nacional de contos para nenos, o Premio Nacional de Texto Informativo para Nenos, o Premio Dramaturxia Ambiental, o de Dramaturxia Infantil Aquiles Nazoa, o Municipal de Teatro e o de Teatro infantil Nacional, entre outros. Conseguiu a Mención especial en The Film Council of Greater Columbus (Ohio, 1996) e o Premio de Dramaturxia Infantil UCV (2017).

PIM PAM PUM! | Público infantil e familiar

Un convite a contar contos todos e todas. A imaxinación, o xogo, a complicidade e a re-creación son algún dos ingredientes deste espectáculo. Participación garantida!

SEN VIR A CONTO | Público adulto

Unha sesión de contos que inclúe, precisamente, esas historias que poden ser contadas só a noite do espectáculo. Nin un máis, nin un menos. Por iso o mellor é vir desprevido e desprevida. Deste xeito vostede, respectable público, terá a disposición xusta para escoitar o que se conta de verdade. Non hai máis explicación, porque sinceramente, non vén a conto

<https://rubenmartinezsantana.wordpress.com/>



Pablo Díaz é un prestixioso músico coruñés que debutou en 2009 apadriñado por Santiago Auserón co traballo discográfico *Tic tac* (ed. Kalandraka). A obra acadou un éxito espectacular en Galicia, xa que a primeira edición do traballo esgotouse en tres meses e vai xa pola quinta edición con máis de 5000 exemplares vendidos. Con este traballo resultou un dos tres finalistas nos premios galegos da música Martín Códax e foi o gañador do galardón “Anisia Miranda á creatividade infantil” en 2011.

En novembro de 2013 publicou o seu segundo traballo, *Toc toc* (ed. Galaxia), que serviu para reafirmalo na escena musical galega: premio ao mellor traballo de música infantil nos Martín Códax 2014 e unha xira por máis de 50 concellos de Galicia. Un ano máis tarde presentou un novo traballo máis íntimo e dedicado ao público de menor idade, *Xente miúda, moita fartura*, apostando nesta ocasión pola autoprodución e coa colaboración de Tito Calviño e Carmen Rey.

A finais do 2016 publicou *Tic tac toc*, ilustrado por Almudena Aparicio. Con este espectáculo fixo unha xira por 50 concellos da nosa comunidade. O último traballo de Pablo Díaz é *Coas miñas mans*, que saíu ao mercado en xuño de 2018 con moi boa acollida por parte do público familiar.

Como contacontos infantil leva feito centos de sesión dedicando unha boa parte da súa obra aos rapaces de entre 0 e 3 anos.

CANTACONTOS PARA BEBÉS | Nenos entre 0 e 3 anos

Unha viaxe a través dos contos coa música como fío condutor, tratando temas e rutinas adaptadas para os máis pequenos. Para conseguilo, axudárase de instrumentos como frautas, guitarra, harmónica, e algún dos seus temas máis populares. Unha sesión relaxada onde a fantasía e a ilusión sexan as protagonistas, e na que grandes e miúdos axuden a cantar e a entoar as melodías e retos.

CONTANDO NÚMEROS, CANTANDO CORES | Público infantil

Ao longo da súa traxectoria profesional, Pablo Díaz decatouse do importante que é para os cativos tratar e reflexionar sobre a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, maiores e pequenos, equidade, e sobre todo respecto ás persoas que desde o principio das nosas vidas debemos valorar.

Para conseguir este obxectivo, o artista utilizará contos, algúns deles con música, para rematar cun pequeno concerto con cancións que versen sobre esta temática e tamén algúns dos seus temas máis populares.



Marcelo Dobode é un artista autodidacta e multidisciplinar formado nunha familia de músicos tradicionais. Desde moi cativo comezou a participar nas recollidas de campo para incorporarse máis tarde en formacións como O tear de Llerena ou O Fiadeiro, coas que chegaría a editar álbums discográficos. Da súa faceta como bailarín destaca o seu paso pola compañía de Merce Rande e a de Michael Rooney.

No que respecta á música, nos seus proxectos leva o seu folclore ao momento máis actual, social e íntimo. Nas súas novas composicións fusiona ritmos tradicionais coas súas vivencias. Recentemente presentou *Turoqua*, o primeiro proxecto en solitario, onde cruza as fronteiras da tradición para elevar novas melodías á vangarda da música, onde as etiquetas non teñen cabida.

Actualmente exerce como director e mestre na escola Arte en Bruto do concello de Pontevedra e é director do certame Pontecoqueta. Forma parte de Primordiais con quen ten percorrida toda a Península Ibérica.

www.facebook.com/pg/Marcelodobode2



Santi Prego é actor de teatro, cine e TV, titiriteiro e narrador oral. Comezou a contar a mediados dos anos '90 en institutos e as súas historias xa pasaron por teatros, casas da cultura, bibliotecas e mesmo en programas da televisión como *Apaga a lus* e tamén na Radio Galega.

O TEATRO MÁIS PEQUENO DO MUNDO | Todos os públicos | 45 min

Neste espectáculo collen todo tipo de contos: os participativos, os improvisados, os da tradición oral galega e tamén as historias con bonecos. O xeito de contar de Prego é moi visual e aliméntase principalmente de fontes literarias. Nas súas historias sempre hai maxia e poesía e nunca falta un elemento de comicidade sutil.



Mestre de baile e música tradicional dende 1989. Comezou no mundo da danza a idade de catro anos, na escola do prestixioso grupo vigués Lembranzas Galegas.

Estudoso e investigador do folclore tradicional galego. Autor dos libros *Para cantar e bailar* (Ed. do Cumio, 2008), e *Xogos musicais* (Ed. do Cumio, 2013). Ten participado en numerosas conferencias e escrito sobre o folclore tradicional en varias revistas especializadas. Creador e administrador da páxina de Facebook *Baile e música de Galiza* (<https://www.facebook.com/groups/127582183933590/>), adicada a difundir os traballos de campo realizados por toda a xeografía galega dende finais dos 80 ata a actualidade. Creador e administrador da páxina *Un punto ao día con Luís Prego* (<https://www.facebook.com/Un-punto-ao-d%C3%ADa-con-Lu%C3%ADs-Prego-2266460026916441/>), feita para ensinar e divulgar a riqueza dos pasos do baile solto en Galiza.

Fundador e primeiro director do grupo O Fiadeiro de Vigo. Director dos grupos Albendeira, Tralovallo e Adonairare, entre outros. Director do Orfeón Mariñeiro do Berbés (da A.VV. do Casco Vello de Vigo). Ex director dos grupos Brincadeira de Santiago de Compostela e A Buxaina de Vigo.

Membro do grupo de música folk Ardentía co que xa ten gravados cinco traballos: *Ardentía*, *Retellando*, *Quince anos de viaxe*, *Vintage* e *Adiante*. Tamén colaborou en varios traballos discográficos como músico ou asesor, tales como *In Mare*, *Se non fora por quen baila* e *Orfeón Mariñeiro do Berbés*.

Ao longo da súa traxectoria ten impartido cursos e obradoiros de música e baile tradicional en numerosos centros galegos da diáspora: Arxentina, Perú, Brasil, Francia, España e Portugal. Na actualidade continúa a súa actividade docente nas disciplinas de gaita, requinta, acordeón, percusión, baile tradicional, canto tradicional e canto coral.

Recibiu recoñecemento público pola súa traxectoria profesional no X Día do orgullo gaiteiro, organizado pola AOFT Gomes Mouro, e no 75 Festival de música tradicional Os Alegres, organizado polo grupo de gaitas Os Alegres de Pontevedra.



Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) é un poeta e contacontos galego. É licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e tamén promotor de FoCuCu (Foro de Cultivos Culturais).

Como contacontos, Celso F. Sanmartín caracterízase polo seu labor como recolledor e reinventor de historias e contos. O seu repertorio está composto por historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea que presenta nos seus espectáculos coma un verdadeiro tesouro, cheos de coidado, sentido e paixón pola oralidade, a comunicación e a lingua.

CONTAR

Contar é un oficio que todos temos. Levo recollendo contos e historias inconscientemente toda a vida, coma calquera. Pero desde hai anos véñoas recollendo e acomodándomas, coa intención de contalas de cara a distintos públicos.

Escoitar, conversar, colleitar, destilar, contar, convivir...

Empecei por casualidade e oportunidade. Continúo porque é unha actividade de amor, sentido e paixón: pola lingua, pola oralidade, pola comunicación, por pensar que non se perda un verdadeiro tesouro de historias e contos, e ir por aí mostrándoo e ofrecéndoo coa boca aberta e coa boca chea, falando ademais bencísimo del, que é coma falar dunha das nosas posibilidades de relación e cultura máis ricas e admirables.

A miña devoción son as persoas maiores, culturalmente refeitas na oralidade. Entre elas hai moitas que son contadoras intuitivas e intelixentes e atentísimas a todo. Devoción polo vivo interese que poñen nas historias, nos contos e nas memorias que cantan. Devoción porque saben “elaborar un momento”: A partir dunha miga de tempo que se preste* ou inesperadamente. Aínda hai de momento en calquera lugar a onde un vaia, persoas maiores que teñen a virtude de atraer a atención e mantela cunha(s) historia(s) pertinente(s) que, por acerto e valor específico, prenderá(n) entre os nosos recordos perennes, frescos coma da primeira hora.

*(Hoxe por hoxe, as migas de tempo, os momentos que se prestaban a contar, perderon bastante os seus “espazos naturais”: no día a día, en datas sinaladas, en épocas do ano... Temos outros enredos no seu sitio, outra medida do tempo. Fómonos deixando dese “costume natural”. Dese falar, contando ben contado e por contar)

O meu fardo ou repertorio está composto basicamente por contos, historias e memorias ligadas á tradición oral galega e tamén á europea, na que temos arte e parte, asentadas na cultura agrícola-gandeira e pedestre. E cun toque contemporáneo, para apalparlles que tamén son actuais, que aquí as están e non coma pezas de museo. Tamén invento historias e contos, coma calquera.

Ás nenas e nenos, e á xente grande, intento contarlles ademais, que o que se conta non é unha cifra exacta-exacta, e que a lingua non se pode deixar que se poña de trapo.



Nace en Ribeira, na Ría de Arousa, onde Deus apoiou o dedo anular no seu día de descanso (o sétimo). O feliz natalicio produciuse no ano catro a.m.m.m. (antes da morte de Marilyn Monroe) nunha taberna, na que creceu. Na súa infancia conviviou con mariñeiros que extraían maxicamente bacallaus salgados dos seus pantalóns, quinquilleras que revelaba a berros a orixe da vida mentres devoraban carne asada e anciás que conseguían mexar de pé con precisión de cirurxiáns.

Polo modo que ten de falar de si mesmo parece que non ten avoa, pero a tivo e nótaselle moito.

Foi educado por un profesor entusiasta dos castigos físicos e da escritura barroca, na actualidade cronista local da cidade de Ribeira. Na súa época universitaria descoidou os seus estudos de arte para coquetear co amor, a política e a droga.

Recibiu moitas críticas dos seus amigos "junkies" polo consumo inmoderado de drogas brandas e mostos fermentados.

Dirixiu espectáculos de teatro coa presenza de orfas de fillos, quinquilleras, viúvas de carpinteiro, traficantes de toneis, palilheiras-macho, inmigrantes ilegais e xitanas vingativas. Escribiu pezas de teatro protagonizadas por traficantes mudos, deusas, piratas (sexo feminino), ociosos, aristócratas pintores, músicos ambulantes e vendedoras de amor ao pomenor.

Por se isto fose pouco, é omnívoro.

OS INOCENTES

Este espectáculo nace da operación de pulido e compulsa co público, até lograr a forma definitiva do relato escénico, a técnica que leva anos traballando Quico Cadaval. Con *Os inocentes*, logra un espectáculo de sorprendente coherencia, coa aparición dun retablo da inocencia, un tríptico con tres protagonistas Manuel, Marquiños e Pastor, que fan honra a todos os alcumes, humillantes ou compasivos que se lles colocou a estas personaxes: almiñas, mansos, á boa de deus, que lles falta un fervor, que están a esperar que deus chame por eles, que non son ben donos dos seus días, que están mais aló que acó... Personaxes que dende a súa singularidade mental, ou filosófica, ofrecen lecturas iluminadoras sobre a grande creación dos xuízosos e intelixentes: a guerra. Unha clarividente ollada que os inocentes deitan sobre a guerra civil. Un espectáculo de narración teatral na que o creador das historias abana entre a proximidade cotiá co público á identificación cos protagonistas da historia. Un espectáculo épico, en todos os sentidos da palabra.



Actriz, contadora de historias, fotógrafa, escritora e dramaturga. É directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica. Tamén é columnista invitada en diferentes publicacións literarias e de teatro como Tantágora, Aedo, Clij ou Primer Acto.

Entre os seus libros figuran “Cociñeira do rei”, premio Europeo de Narración Oral ao Mellor conto para nenas e nenos 2015 (ed. OQO, traducido ao portugués, polaco e linguas oficiais de España), “La vuelta al mundo” (ed. La Fragatina, 2017, castelán e tradución ao italiano).

É fotógrafa das publicacións de Editorial Galaxia *A Cociña dos Cunqueiros*, *Larpeiros III* e *Gastronomía monacal de Galicia*, dos *Calendarios do Románico* dende o ano 2010 ata hoxe, da *Revista Benbo* e do blog *Capítulo 0*.

Foi a directora da posta en escena do Instituto do Mediterráneo de Pepe Monleón do espectáculo “Tirant Lo Blanc”, con mozos de capacidades diferentes de sete países de Europa, e de “As mulleres e o mar”, no Centro de Arte de Argel (primeira xeración de mulleres graduadas da escola)

Imparte obradoiros de teatro nos Centros Penitenciarios de mulleres de Teixeiro e para monitores de diferentes centros Penitenciarios da Península para o Ministerio de Xusticia español.

Ten ditados obradoiros de narración oral na Universidade de San Juan (Alacante), na Jaume I de Castellón, na Miguel Hernández de Elche, na Universidade de Carabobo (Venezuela) e en diferentes centros de formación docente de Uruguai, Cuba e España.

Integra o Circuito de Bibliotecas de Oleiros no marco da “Hora do conto” traballo que tivo no 2007 a mención especial do Premio María Moliner a mellor campaña de animación a lectura de ese ano e no 2008 a primeira mención, e no 2012 o Premio Nacional; a Hora do Conto das Bibliotecas de Ferrol, Ourense e Lugo, o grupo de narradores dos Centros Socioculturais de Santiago, o grupo de narradores do Salón do Libro de Pontevedra, de Carballo e das actividades de Narración Oral da ASPGA (Asociación Pedagóxica de Galicia) e a Guía de Recursos de Animación a lectura de Castilla La Mancha, a Guía de Recursos e Narradores da Comunidade de Madrid, o Catálogo Lector da Comunidade Valenciana e o Proxecto Letras Vivas e Ler Conta Moito da Xunta de Galicia.

Participou nos últimos anos na II Bienal de Oralidad de Santiago de Cuba, no V Encuentro por el Arte de Montevideo, na Fiesta de la Palabra de Uruguay, no III Festival Sudamericano de Santiago de Chile e Valparaíso, no Festival Internacional de la Oralidad (2001 e 2002) de Elche, Jaca, País Vasco, Valencia, Lleida, Castellón, Vila Real, Barcelona e Toulouse; no XIII Festival de Teatro de Torreperogil, X Festival Internacional de la Oralidad de Barquisimeto, Mérida, Valencia e Caracas; no Madrid de Cuentos de 2002 a 2004, 2008 a 2010, do ciclo Otoño Cultural da Universidade de Segovia e da Campaña de Teatro escolar da Diputación de Zaragoza (novembro 2002 e 2003, 2005, 20010, 20015), participou no Maratón e nos Viernes de Cuentos de Guadalajara dende o 2002 ao 2015, na Feria del Libro de Lima (2007), no festival de Granada “Los caminos de la memoria”, no V Festival de la Oralidad de Cadiz, no X Festival de Narración de Los Silos, no XV Festival de Teatro de Agüimes (Canarias), na Feria de Teatro de Huesca, na V Semana do Humor de Silleda, no Ciclo de Teatro do Mundo, no Forum da Coruña; no Ciclo de Homenaje a Cervantes, polos 500 anos do Quixote, en Roma e Bruxelas; no Festival de Palabras Andarilhas, de Beja; no Festival Faro, na Terra Incognita de Lisboa (2011-2013-2016); na II Mostra de

Narració Oral de Ibiza; na V edición do Festival de la palabra de Perú (2014), no Sete falares de Pontevedra (2014) e no Festival de Porto (edición 2015), Ciclo Lareta de Redondela (2015) no Festival EVA de Madeira (2016-17) Festival de Narración Oral de Azores (2016-17), o Festival Munt de Mots de Barcelona (2016) Sierra Encuentada Huelva (2017) no Encontro Iberoamericano de Lisboa (2017), na Feira do Libro de Sopot- Polonia (2017) Festival Falando a Boca Chea de A Coruña (2017-2018) no II Ciclo de Narración Oral de Pazos de Borbén (2017) no Ciclo de Narración Oral de Salamanca(2017), Festival Internacional de Teatro de Guadalajara (2018) Festival de Narración Oral Cardemots de Catalunya (2018) Festival de Teatro Mindelact de Cabo Verde (2018), entre outros.

O seu espectáculo de narración oral "Las Ingeniosas del Hidalgo" foi escollido polo Ministerio de Educación e Cultura de España para integrar a guía dos 100 espectáculos dos últimos dez anos do Premio María Moliner. Na convocatoria participaron preto de 7000 espectáculos.

O COMEZO DO MUNDO | Público adulto

Mentres cociñamos a lume manso, contamos historias. Dende esta premisa Sole Felloza percorre o país, escoitando as mulleres. A vida, namentres, non para en ningún momento e débúllase o millo, faise a matanza ou amásase a empanada. As voces desas mulleres suben ao escenario para contar de tempos sen tempo. Do pícaro ao picante, dos vivos, dos mortos e dos que non se sabe se están vivos ou mortos, da cantiga ao pasiño de baile de chachachá. Así falan as señoras Lola, Juana, Emérita, Palmira, Otilia, Erundina e tantas outras ao carón da lareira, ao redor da cociña de ferro.

Porque as voces das mulleres saben viaxar, como ningunhas outras, da risa ao secreto, da retranca á poesía.

DE TIN MARÍN | Nenos

As palabras máxicas son as que abren as maletas cheas de historias que chegan de moitos recunchos do mundo. Unha viaxe cun pasaporte único, a imaxinación.

<http://soledadfelloza.com/>



O Grupo de Narración da Almaciga é un colectivo que xurdiu dun proxecto que naceu no 2017 e que aspira a incorporar novas voces ao mundo dos contos. O grupo ten a súa orixe no curso de narración oral 'Ti xa tes moito que contar' coordinado e impartido polo equipo de contacontos de Atlántica no Centro Xove da Almaciga. Esta formación, que xa vai pola súa cuarta edición, articúlase en tres eixes: as ferramentas da narración oral, o proceso de creación dun universo narrativo e a narración do territorio. Todo dentro dun deseño metodolóxico práctico desta arte escénica



É educadora e dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en si. No 2009 comezou a súa andaina no mundo das contacontos tanto para infantil e xuvenil, coma para adultos.

Participou en diferentes xornadas de oralidade, no Museo do Pobo Galego e na Universidade de Deusto e de Vitoria; tamén desenvolveu a súa labor en bibliotecas. Participou no Salón do Libro de Pontevedra, no Verbum, no Fiot de Carballo, centros de ensino, festas, locais sociais, etc. Estivo en Atlántica no 2013 e dende aquela todo o mundo pide que volva e aquí está.

TODO CHE SON PENAS NO MUNDO

Historias de mortais, da xente que vai así, arrastrando a vida, porque as calamidades sempre son dignas de contar e as penas lévanse mellor se son contadas e compartidas.



Olga Maria Abad Prieto é narradora oral e escritora. Aprendeu a contar contos grazas a paixón da súa familia polas historias e tamén grazas ó seu paso pola cidade de Santiago de Compostela e o seu contacto con artistas da escena galega. Nesta cidade estudaría técnicas de escultura e teatro entre os anos 2006 e 2010. Tras rematar os seus estudos, traballou en varias compañías teatrais como actriz, directora e dramaturga. No ano 2019 publicou as novelas tituladas “Proyecto escritor” e “Futuribles”. Conta contos dende o ano 2009.

VIAXE POLAS PROFUNDIDADES DO TEMPO | Público adulto | 40 min

Conta a historia de Monte Rabudo, un pobo galego afastado do mundo, e dos seus habitantes, cos que viaxaremos dende o pasado ao presente percorrendo un milleiro de fantásticas historias.

O SOÑO DO RATO | Público infantil | 45 min

Nárranos as fazañas de Cesar, un ratiño que terá que superar os seus medos para cumprir o seu gran soño de viaxar. Neste espectáculo mestúranse a narración oral cos monicreques e as sombras chinesas.



RAQUEL QUEIZÁS
(Galicia)

Nacín en Queirugás, unha pequena aldea preto de Verín (Ourense). Das historias que escoitaba aos meus avós xorde a miña paixón pola narración oral, pola lingua, pola lectura e polo teatro. Naquela época sabía a hora exacta polo sol, xogaba con bonecas feitas con carozos de millo e hipnotizaba galiñas. A pesar da miña timidez, no patio do colexio reproducía para as miñas compañeiras e compañeiros esas historias escoitadas a carón da lareira.

Son actriz, monicrequeira, filóloga (Universidade de Santiago, 1998), e sobre todo, contadora de historias. O meu repertorio inclúe contos tradicionais, lendas de cada recuncho, adaptacións de contos de autor e historias propias. Quizais fose polos contos que me contaba a miña avoa (porque a memoria dos antepasados non só é vida, senón sabiduría pura), quizais porque a nena que levo dentro segue soñando con ese mundo de fantasía, fose como fose, os contos forman parte da miña vida persoal e profesional. Levo xa vinte anos inmersa profesionalmente no mundo dos contos e do teatro.

NANOCONTOS | contos para bebés

Para os nosos amigos, os animais, cada día é unha nova aventura chea de cousas que aprender, mentres xogan coas cores, as formas e a música. Porque cando se é tan pequeno ata as cousas máis sinxelas se converten en todo un reto.

Os meniños reinventan o mundo cunha mirada que o ve todo pola primeira vez, abraíándose a cada paso, mentres aprenden novos nomes para os obxectos que acaban de descubrir. É un espectáculo que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias adaptadas para captar o seu interese e cunha duración apropiada á súa capacidade de atención. Este é Nano unha ra que medra cos contos que eu mesma invento.

ROMARÍA | Nenos de 3 anos en diante

Romaría é un espectáculo de narración oral onde as nosas lendas tradicionais achegan o mundo rural e antigo aos rapaces, descubríndolles un modo de vida descoñecido para os máis deles.

Queliña, unha nena de aldea, ten que rematar de apañar as patacas para que a deixen ir á romaría. Alí quedou cos amigos para brincar, bailar e facer carreiras de sacos. Cara a tardiña, antes de que remate a festa, tódolos rapaces buscan a avoa Tareixa para que lles conte lendas, lendas para perder o medo.

A ORIXE | Nenos de 3 anos en diante

A orixe é unha recolleita de lendas, mitos e contos da tradición oral de diferentes culturas do mundo. Estas historias teñen un dobre propósito. Por un lado, son unha forma de educar os máis novos (os contos están protagonizados por animais personificados que se debaten entre o uso da forza bruta e o emprego da intelixencia para a resolución dos conflitos).

Doutra banda, moitas destas lendas buscan describir e explicar a orixe do mundo e o lugar que o home ocupa nel, fomentando o respecto pola natureza.

<https://www.raquelqueizas.com>



Antonio Reigosa Carreiras (Zoñán, Mondoñedo, 1958) é Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Cronista Oficial de Mondoñedo desde 2015. Escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular, da literatura de tradición oral e da cultura oral (<http://cadernodeantonioreigosa.eu/>).

Cofundador, con Mercedes Salvador, Ofelia Carnero e Xoán R. Cuba, do *Grupo de Investigación Etnográfica Chaira* (Premio 15ª edición dos Encontros na Terra Cha da As. Cultural Xermolos) cos que realizou numerosos traballos de campo en diferentes concellos da provincia de Lugo. Creador e coordinador da enciclopedia virtual Galicia Encantada (<http://www.galiciaencantada.com>). Coordina as revistas orais *O pazo das musas* (Museo Prov. de Lugo) *A voz dos carraos* (Museo Prov. do Mar, San Cibrao, Cervó) *Castronela* (Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol) e *A voz dos lemavos* (Museo Pazo de Tor). Como vogal responsable de literatura de tradición oral da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega) coordina os proxectos “Polafías” e “Mestres da memoria” creados para documentar e divulgar os valores da oralidade e da cultura popular.

Coordina con Isidro Novo as *Xornadas de Literatura Oral* que se veñen celebrando en Lugo desde 2008. Colaborou en varias radios como RNE (Premio Certame Nacional de Artes e Tradicións populares do Ministerio de Cultura, 1987, por “O mal de ollo” programa emitido por RNE-Galicia), Radio Galega (serie Galicia Encantada, 2007-2008), escribe artigos en xornais e revistas como *La Voz de Galicia*, TVG (programa Visións), *El Progreso*, *A Peneira*, *Xornal de Galicia*, *Galicia-Hoxe*, *Leer*, *Murguía*, *Fadamorgana*, *Culturas populares*, *Circular polo Saviñao*, *Croa*, *Boletín do Museo Prov. de Lugo...* ou para outras publicacións como *Manuel María* (Ophiusa-Xermolos, 2001); *Cultura tradicional e desenvolvemento rural* (Xunta de Galicia, 2006); *I Encontro Iberoamericano de Museos Pedagóxicos e Museólogos da Educación* (MUPEGA, 2008); *Actividades e recursos educativos dos Museos de Galicia* (Toxosoutos-Nova Escola Galega, 2008)...

É autor de unidades didácticas para o MPLugo, colaborador habitual da Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte nas Ondas”. Participou en proxectos como *Boas noites* (2007), obra de teatro da compañía Berrobambán para o que elaborou a guía didáctica interactiva *Pasamedos*. Coordinou con Helena Zapico o monográfico “Literatura oral e educación”. Participou en proxectos como *La memoria de los cuentos* (2009), libro e documental baixo a dirección de Antonio Rodríguez Almodóvar, *Antropologías del miedo* (2008), ou *Quieres que cho conte?* (2011), proxecto de dramatización do conto oral de Palimoco Teatro. En 2014, xunto con Suso Barral e Gonzalo Abuín, crean o xogo ARDE LUDUS. O xogo do Lugo romano.

Recibiu, entre outros, os seguintes premios: Certame Nacional de Artes e Tradicións populares do Ministerio de Cultura (1987), o Facho (1989), o Premio Merlín, (1998), Premio Supernova (1999), Premio Raiña Lupa,(2000), Lucense do Ano (2002), Premio Frei Martín Sarmiento (2005); e fun finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil o ano 1999 con “Memorias dun raposo”, e do Premio Pura e Dora Vázquez de Creación Literaria o ano 2004 con “Pesadelos”.

CONFERENCIA "15 ANOS DE GALICIA ENCANTADA"



É diplomado en Maxisterio (especialista en Audición e Linguaxe) e ten moitos anos de experiencia en Galicia como actor, director, docente, produtor e distribuidor teatral. Como actor traballou e traballa con diferentes compañías: Artestudio Teatro, Sardiña, Tea, Estragón, Grupo Institucional da Universidade da Coruña, Teatro da Bufarda, Espello Cóncavo, Teatro da Lúa, Casa Hamlet, Patatín e Patatán, entre outras.

Como docente e director coordinou grupos en Sardiña, Gangarilla, Instituto María Casares, Centro Fonseca, Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, Concello de Ordes, Fogar do Maior do Barrio das Flores, Artestudio, Forum Metropolitano...). Como produtor e distribuidor traballou con Teatro da Bufarda, Hac Luce Universidade da Coruña, Teatro da Lúa, UVG Teatro, Galileo Teatro, Ballet Studio, Paparota Teatro, etc.

Actualmente compaxina os seus traballos como docente, actor e director ca coordinación de diferentes proxectos do Concello da Coruña e do Forum Metropolitano, como son o Programa Horas Punta, Mostra de Teatro Escolar e os Encontros de Teatro Independente da Coruña.

AVÓ | Público familiar | 60 min

Cando era pequeno, lembro que xogaba co meu pai os venres pola tarde, os sábados e os domingos. Pasou un tempo e xogaba co meu pai os sábados e os domingos. Pasou un tempo e só xogaba con el os domingos. Un domingo calquera atopei ao meu pai vestido para ir traballar e lle dixen: “Que fas! Hoxe é o día de xogar xuntos”. O meu pai miroume e contestoume: “Es pequeno, non o entendes. Se vou traballar é para poder ter máis cousas, para ter unha casa máis grande e para poder facer máis cousas xuntos”. “Facer máis cousas xuntos! Claro, papá, se é para facer máis cousas xuntos, marcha, que eu estarei esperando”, respondín. E estiven esperando polo meu pai... pero non esperei só, sempre estivo ao meu carón o meu avó, o meu avó Secundino.

“Avó” é unha peza de teatro unipersoal onde o protagonista lembra todos os momentos, vivencias e ensinanzas que compartiu co seu avó Secundino, que xa non está.

ANIMALIÑOS | Público familiar | 60 min

Trátase dunha peza de narración oral na que se contan e dramatizan historias da tradición oral de todo o mundo (Venezuela, Kenia, Rusia, etc). É un convite para que o público, coa axuda da súa imaxinación, viaxe ata o bosque para ver como conviven e como resollen os seus problemas uns animais moi especiais: a gata Kisha, unha tartaruga moi intelixente, unha pega moi larpeira, un coello e un loro.

PREPARADOS LISTOS XA!!!!!! | Público familiar | 60 min

A través de contos e cancións dos distintos continentes e distintas culturas que conforman a planeta onde vivimos, os nosos protagonistas tentarán de superar, coa axuda do público, unha proba que ninguén ata o de agora foi quen de lograr: dar a volta ao mundo en menos dunha hora!

FEIRANTES | Público adolescente e adulto | 60 min

A partir da obra *Outros feirantes* de Álvaro Cunqueiro, Ramiro Neira constrúe un monólogo ao máis puro estilo *stand up comedy* onde se mesturan dúas épocas, dous momentos diferentes no tempo. O pasado e o presente no que atopamos un cómico condenado a viaxar no tempo, a reaparecer en calquera feira, en calquera momento para volver representar o seu repertorio de historias vividas ao longo das súas actuacións polas feiras galegas e vai lembrando as súas andanzas, creando unha relación de necesidade con ese ser anónimo que permanece na sala: o público.



Charo Pita naceu á idade de seis anos cando rematou de ler o seu primeiro libro. Leva contando historias de viva voz e impartindo obradoiros de narración oral e lectura en voz alta desde o ano 94, como narradora en solitario, dentro de espectáculos bilingües inglés-galego, ou en sesións nas que se combinan os contos e a música. Como escritora ten máis dunha ducia de libros publicados. Recibiu algúns premios literarios, o premio Espiral Maior de poesía no ano 2001 e no 2018, ou o Manuel Murguía de narracións breves para adultos, entre outros. Participou tamén en proxectos musicais e teatrais como na *Nena e o grilo no país das apertas* xunto a Magín Blanco, en *Estamos no verán* xunto a Xoán Curiel ou en *No país do vento* da man de María Faltri e Jorge Juncal.

BAIXO A LÚA ÁS 20:30 | Público adulto | 60 min

A lúa está sempre aí observándonos coas súas mil faces. Coñece as historias dos corpos que se abalan nas sombras, as alegrías, os medos, os sonhos que os desvelan. A ollada, o silencio e, como non, a palabra son os protagonistas destes relatos algúns de tradición oral procedentes de distintas partes do mundo, outros da propia narradora, para gozar das noites de luar...

UNHA AVENTURA SINGULAR: O GATO CON BOTAS | Público infantil

Se algunha vez vedes un becho con aspecto gatuno vestido con botas, talvez gato ou talvez gata, non dubidades: de seguro que ten talento e astucia abondo para protagonizar un conto coma o que vos imos contar e para lograr que pasedes un intre estupendo escoitando as súas pícaras andainas.

Charo Pita será a responsable de narrar o clásico de Charles Perrault que será musicado con composicións de Franco Cesarino. A narradora estará acompañada pola Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela e o seu director, Casiano Mouriño Maquieira. O espectáculo, creado expresamente para o Festival Atlántica, está recomendado para alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria.



Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela

Nace en San Lorenzo-Meis (Pontevedra). Realiza os seus estudos musicais nos Conservatorios Superior de Música de Vigo, de Santiago de Compostela e Joaquín Rodrigo de Valencia, onde obtén os títulos superiores de Dirección de Orquestra, Harmonía contrapunto composición e instrumentación, Saxofón, e de profesor de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento, cos mestres Manuel Galduf Verdeguer, José Vereá Montero, e Antón García Abril.

No ano 1987 obtén por oposición a praza de Profesor de Saxofón-barítono da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, no 2000 obtén a praza de 2º director da mesma, e de director dende xaneiro de 2007 ata outubro do 2009.

Dado o seu interese pola pedagogía, realiza o “Curso de Aptitude Pedagóxica” impartido pola Universidade de Santiago de Compostela, tamén realiza nesta mesma universidade distintos cursos no Departamento de Historia.

Asiste a cursos de Dirección de Orquestra, Banda, e Coro con destacados mestres coma: Helmut Rilling, Manuel Galduf Verdeguer, Enrique García Asensio, Antón García Abril, Magnus Lindberg Jean Pennnigs, Jean Marie Londeix, Andrés Gomis, James Ross, Bernardo Adam Ferrero, Henrie Adams, José Susi López, Juan María Esteban, Pier Paolo Scattolin,, Injoo Joo, Ana María Navarrete, Johan de Meij, etc...

Impartiu e segue impartindo varios cursos, na Escola Municipal de Música de Padrón, Negreira, Paradela-Meis, Bandeira, e nos Conservatorios de Santiago de Compostela, e Martín Millán de Vilagarcía, etc...

Como compositor ten varias obras: Divertimento para orquestra, Vertula, Alfaia, San Lorenzo de Nogueira, Inquedanzas, para Banda, Metamorfosium para grupo instrumental (estreada pola EAEM baixo a dirección do mestre Maximino Zumalave), Saxofonía para saxofón-alto e piano, e Anamnese (banda sonora da curtametraxe Anamnese de Leticia Prieto).

Realizou varias transcricións de obras para Banda como: Cadros dunha Exposición e Unha noite no Monte Pelado de M. Moussorgsky, Las Travesuras de Till de R. Straus e Metamorfosis Sinfónicas de P. Hindemith, e tamén instrumentacións de diversas obras para Banda.

Ten dirixido a solistas como Alexander Gold Makarov, Laura Alonso, Rosa Cedrón, Marina Penas, Eliseu Mera, agrupacións corais como Coral Polifónica “Xuntanza de Meis”, Coral Polifónica de Barro, Coro Santa María de Paradela, Cantorum Compostellana Coniuntio, realizando diversas obras do repertorio sinfónico-coral como “Requiem K.626” de W. A. Mozart, “Gloria, KV 589” de A. Vivaldi, “O Mesias” de G. F. Haendel, “Carmina Burana “ de Carl Orff, a Banda de Música da Vertula, coa que acadou varios 1º Premios en distintos Certames, Banda de Música de Pontevedra. Tamén ten estreado varias obras propias e de outros compositores galegos como Juan Lois, Simón Couceiro, Javier Ces, etc.

Na actualidade é director en funcións da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.



A Banda Municipal de Santiago de Compostela é unha das máis antigas de Galicia, xa que naceu en 1848 e perdura nos nosos días. Como centro de formación de instrumentistas, a ela acudiron durante moitos anos os nenos acollidos na Casa Hospicio, paliando en parte as restricións educativas no ámbito musical que sufría a poboación infantil máis desfavorecida e que en moitos casos supuxo un medio de vida para moitos deles.

Durante os primeiros anos é unha agrupación de afeccionados, ata que en 1876 o Concello decide facerse cargo dela e comeza a profesionalizarse. Nesa época redáctase un regulamento para o seu funcionamento. Unha das súas actividades máis importantes eran os concertos, denominados paseos, na Alameda ou na Rúa do Vilar, o que supón o traslado da música dos seráns privados a un ámbito público onde poden gozar del cidadáns de todos os estamentos sociais. Actúa tamén nas festas e nas procesións de Semana Santa.

Na actualidade realiza os seus concertos no Teatro Principal, Auditorio de Galicia, Praza da Quintana, Praza das Praterías, Alameda e outros lugares e barrios da cidade na temporada de verán. Conta con 37 compoñentes e a súa actividade baséase fundamentalmente nos concertos dominicais ao longo de todo o ano, concertos de verán os xoves e domingos, concertos didácticos en período lectivo nos que participan centos de escolares de Santiago e da bisbarra, intercambios e actos culturais e protocolarios.

- Director: Casiano Mouriño Maqueira
- Frauta/Frautín: David Martínez Lombardía, Judith Rey Iglesias
- Óboe/Corno Inglés: Lidia Iglesias Vaamonde
- Requinto: Simón Couceiro Riveira
- Clarinetes: Javier Pazos Pintor, Braulio Manuel Cao Ledo, José Manuel Puyana Gómez, Miguel Aguilar Alfonso, José Manuel Cespón Rodríguez, Nicolás Otero Conde, Raquel Bugallo Senra, Marina Abuín Salgado, Rafael Torres Míguez
- Clarinete Baixo: Martín Baleirón Frieiro
- Saxofón Alto: Rocío Hermida Santiago e Álvaro Iglesias Vila
- Saxofón Tenor: Santiago Vidal Dourado
- Saxofón Barítono: Diego García Morales
- Trompas: Samuel Pérez Llobell, Manuel Míguez Rodríguez e Javier González Borrajo
- Trompetas: Jesús Iglesias Álvarez e Xesús Alberto Busto Castaño
- Trompeta/Fliscorno: Juan Lois Diéguez
- Trombóns: Daniel Portas González, Juan Fernández Guzmán e Carlos Cabaleiro López
- Bombardinos: José Javier Ces Calvo e Vicente Martín Arastey
- Tubas: José Luís Vázquez Vidal e X. Carlos Seráns Olveira
- Timbais: Ramón Castro Ferro
- Percusión: Jorge Berdullas Del Río e Daniel Riveiro Hermo

O PROGRAMA*



*Este programa está suxeito a modificacións

MARTES 10 DE MARZO

10.00 h | CEI Plurilingüe San Pelayo-Emma- Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil) Infantil
10.00 h | CEIP Pedrouzos- Noelia Carioca.(Salamanca) Infantil
10.30 h | CEIP Plurilingüe Os Tilos- Fernando Saldaña (Salamanca)3º e 4º EP

“Contos de lá nos cantos de cá” Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil)
17.30 h | Aula de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago

MÉRCORES 11 DE MARZO

10.00 h | CEI Plurilingüe San Pelayo-Emma- Sandra Araguas (Huesca) Primaria
10.00 h | CEIP Pedrouzos - Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil)1º e 2º
10.30 h | CEIP Plurilingüe Os Tilos . Noelia Carioca (Salamanca)- Infantil
11.00 h | El Os Ánxeles. Infantil. Noelia Carioca (Salamanca)

“Contando números e cantando cores” Pablo Díaz (Galicia)
13.00 h | Auditorio do Concello, Pazos de Borbén | En castelán

GALA INAUGURAL

“Varios ventos” Sandra Araguas (Huesca), Aline Cântia e Chicó do Céu, Fernando Saldaña (Salamanca)
Marcelo Dobode, Cris de Caldas, Quico Cadaval, Sole Felloza, Celso Sanmartín, Charo Pita, Santi Prego,
María da Pontragha (Galicia)
21.00 h | Teatro Principal | En galego, castelán
Entradas: Abanca (12 euros+gastos) e Taquilla Teatro Principal (12 euros)

XOVES 12 DE MARZO

10.00 | CEIP Pedrouzos- Fernando Saldaña (Salamanca) 5º e 6º
10.30 | CEIP Plurilingüe Os Tilos – Sandra Araguas (Huesca) 5º e 6º

“Notas breves dunha saudade” Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil)
12.45 | Instituto Teo
“Contos e papaventos” Noelia Carioca (Salamanca)
18.00| Biblioteca Juan Compañel Vigo- Para bebes

“O Soño do rato” Olga Abad (Galicia)
18.00 | Biblioteca Ourense- Para bebes

“O peixe de ouro” Fernando Saldaña (Salamanca)
18.30 | Centro Socio Cultural de Fontiñas-Público infantil e familiar

“Contos de lá nos cantos de cá “
18.30 | Centro Socio Cultural de Santa Marta. Público infantil e familiar
“Pim, pam, pum!” Rubén Martínez (Venezuela)
19.00 | Centro Socio Cultural de Vite. Público infantil e familiar

“Regalo da memoria” Ghaleb Jaber (Palestina-Galicia)
“O teatro máis pequeno do Mundo” Santi Prego (Galicia)
21.00 | Centro Xove da Almaciga. Adultos. Entrada libre ata completar aforo

Ferrol

“Contos sorprendentes” Sandra Araguas (Huesca)
18.00 | Biblioteca Municipal. Público infantil e familiar
“Contos tradicionais dos Pirineos” Sandra Araguas (Huesca)

20.30 | Centro Torrente Ballester. Adultos

VENRES 13 DE MARZO

“Unha aventura singular: O gato con botas”

Charo Pita e Banda Municipal O Gato con Botas

10.00 | Auditorio de Galicia- Concertos didácticos

10.00 | CEIP Pedrouzos -Sandra Araguas (Huesca) 4º e 5º

10-30 h | CEIP Plurilingüe Os Tilos – Aline Cântia e Chicó do Céu

12.00 h | CEI Plurilingüe San Pelayo-Emma. Fernando Saldaña (Salamanca) ESO

“Unha aventura singular: O gato con botas”

Charo Pita e Banda Municipal O Gato con Botas

12.00 h | Auditorio de Galicia- Concertos didácticos

“Preparados, listos, xa!” de Ramiro Neira (A Coruña)

13.00 h | Auditorio do Concello de Pazos de Borbén | Gratuito

Público escolar e familiar | En galego

16.00 | CEIP Inmaculada-Pablo Díaz (Galicia) Rubén Martínez (Venezuela)

“Baixo a lúa as 20,30” Charo Pita (Galicia)

“Contos tradicionais dos Pirineos” Sandra Araguas (Huesca)

20.30 | Igrexa da Universidade

Bertamiráns

“Palabras na boca” Raquel Queizás (Galicia)

20.30 | Dospasos. Rúa Pequeiras 6, local 10. Entradas con pincho 7.50

Ferrol

“O Tren “ Fernando Saldaña (Salamanca)

18.00 | Biblioteca Municipal- Bebés

“De onte a hoxe” Fernando Saldaña.

20.30 | Centro Torrente Ballester- Público adulto

SÁBADO 14 DE MARZO

“Robinson e o seu loro “ Fernando Saldaña (Salamanca)

12.00 | Biblioteca Nodais de Ourense. Público infantil e familiar

“Contos sorprendentes” Sandra Araguas (Huesca)

12.00 | Biblioteca Juan Garcés. A Coruña. Público infantil e familiar

“Pim, Pam, Pum!” Rubén Martínez (Venezuela)

12.00 | Biblioteca Juan Compañel.Vigo. Público infantil e familiar

“Contos e papaventos” Noelia Carioca (Salamanca)

12.00 | Biblioteca Anxel Casal-Santiago. Público infantil.

“Contos de lá nos cantos de cá “Aline Cântia e Chicó do Céu (Brasil)

12.00 h | Centro Torrente Ballester. Ferrol. Infantil de 3 a 8 años

“Gaita Zumba “con Luis Prego e Pablo Días

13.00 | Praza de Cervantes e rúas da contorna.

“Contando números, cantando cores” Vermú de contos con Pablo Díaz

13.30 | Praza de Cervantes. Público infantil e familiar

“Unha aventura singular: O gato con botas”

Charo Pita e Banda Municipal coa dirección de Casiano Mouriño

18.30 | Teatro Principal. Santiago de Compostela- Invitaciones no Teatro Principal dende o día 10 de marzo

“Contos sorprendentes” Sandra Araguas (Huesca)

18.00 | Biblioteca Pública do Grilo (TEO)

Ferrol

“Historias de filandar” José Luis Gutierrez “Don Guti

21.00 | Centro Torrente Ballester Adultos

“Tres ventos”

Fernando Saldaña (Salamanca) Rubén Martínez (Venezuela) Aline Cântia e Chico do Céu (Brasil)

21.00 h | Teatro Principal | En castelán e portugués.

Entradas: Abanca (10 euros+gastos) e Taquilla Teatro Principal (10 euros)

DOMINGO 15 DE MARZO

Xantar

VENRES 20 MARZO | Día Internacional da Narración Oral

10.00 | Carolina Rueda (Colombia) | Colexio la Salle.

11.00 | Ramiro Neira (Galicia) | Auditorio Neira Vilas da Biblioteca e Arquivo de Galicia | Santiago de Compostela

19.30 | Antonio Reigosa (Galicia) | Conferencia “15 anos de Galicia Encantada”

Lalín


20.30 | O Xogo das Sombras” Carolina Rueda (Colombia) | Museo Ramón Aller

QUENTANDO MOTORES PARA ATLANTICA



DANI BLANCO «Ondas para mudar»

2 MARZO, 2020
21.00 H, BORRIQUITA
DE BELÉM: 5 EUROS



AS BÍFIDAS «Contos de lobas e un lobo»

9 MARZO, 2020
21.00 H, MODUS VIVENDI
5 EUROS

LIDIA LUNA

CRIS DE CALDAS



A rosa dos ventos do Festival Atlántica xira cara as novas voces que se achegan ao noso peirao para contar historias de mariñeiros e de lobas en dúas estreas.



2 de marzo | 21 h | Borriquita de Belem | 5 euros

ONDAS PARA MUDAR | Dani Blanco

Historias desde o mar cara a terra. De mariñeiros que cambiaron o mundo, de náufragos que foron mariñeiros e de mariñeiros que naufragaron en terra. De revolucións traídas do mar. De como pode cambiar a vida dunha persoa desde o mar e de como o mar modifica a vida dunha vila. De casualidades, de causalidades e sobre todo de unha loita constante pola supervivencia e pola dignidade.

Unha sesión de contos partindo reais mesturadas coa fantasía, onde non se sabe onde acaba o real e comeza o fantástico. Contos de persoas que teñen o mar moi presente nas súas vidas. Historias de xente do mar, para o mar e polo mar."



9 de marzo | 21 h | Modus Vivendi | 5 euros

CONTOS DE LOBAS E UN LOBO | As bífidas (Lidia Luna e Cris de Caldas)

As lobas poden ser xenerosas e matriarcais, salvaxes e autónomas. Hai incluso quen fala delas para referirse ás malas mulleres; que quererán dicir?

Valentes ou solitarias, en parella ou en manda da boa, as lobas dos nosos contos seguen as súas propias regras, no sentido literal e metafórico da palabra. E como sempre está ben ter algo de compañía, con todas as nosas lobas vén, tamén, un lobo.

Vindes escoitar os ouveos das nosas lobas feitos contos?

O EQUIPO

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Soledad Felloza

PROMOVE

Fest. Atlántica

COORDINACIÓN E PRODUCCIÓN

Soledad Felloza

Orzo Abrunheiras

María Uzal

Mon Serodio

GABINETE ECONÓMICO

Fest. Atlántica

IMAXE, DESEÑO GRÁFICO E MAQUETACIÓN

EKINOCIO Comunicación

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO WEB

Álex Bragaña

COMUNICACIÓN E PRENSA

Beatriz Pérez

DOCUMENTACIÓN

M. Gago

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Pilar Corral, María Uzal

FOTOGRAFÍA

Amparo Portabales, Lucía Mallo

COORDINACIÓN CENTROS DE ENSINO

Festival Atlántica

VOLUNTARIADO

Ana Paula Castro, David Salgueiro, Minia García, Clara Rei, Isa Bandín, Carles Centelle e alumnos do Curso de Narración do Centro Xove da Almaciga

A edición 2020 celebra os 15 anos de Galicia Encantada

CONTACTO

Soledad Felloza

635 95 28 20

festivalatlantica@gmail.com

festivalatlantica.com

www.facebook.com/festivalatlantica

[@FestAtlantica](#)